



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E O CONCELLO DE BETANZOS PARA O FINANCIAMENTO DA “REDACCIÓN DA REVISIÓN DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E ORDENACIÓN DO CASCO HISTÓRICO (PEPOCH)”.

1.- Competencia

Esta consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, creada polo Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, en virtude do establecido na súa Disposición transitoria primeira e no Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería, modificado polos Decretos 177/2016, do 15 de decembro e 106/2018, do 4 de outubro, ten atribuído o exercicio das competencias en materia de dirección e coordinación das actuacións en materia de ordenación do territorio e urbanismo.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos exercer, entre outras, as funcións de:

- Definición, programación e execución da política de ordenación do territorio e urbanismo da Xunta de Galicia, así como a elaboración das disposicións que procedan.
- Elaboración de plans, proxectos, estudos e instrumentos de ordenación do territorio e urbanismo.
- Fomento do planeamento e da actividade urbanística.

2.- Antecedentes.

O Concello de Betanzos, mediante o escrito do 24 de xaneiro de 2017 solicitou unha axuda de financiamento para o documento de revisión do seu Plan especial de protección e ordenación do casco histórico (PEPOCH).

A solicitude fundaméntase na situación derivada da aprobación da Lei 5/2016, de 4 de maio, de Patrimonio Cultural de Galicia, cuxa disposición transitoria quinta (na redacción dada polo artigo 41 da Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas) limita ata o 31 de decembro de 2023 o prazo no que os concellos que contén cun plan especial de protección anterior





á entrada en vigor da anterior lei de Patrimonio (Lei 8/1995, do 30 de outubro, de Patrimonio cultural de Galicia) poderán seguir a exercer as súas competencias no ámbito do dito plan. Nese caso atópase o PEPOCH de Betanzos, que fora aprobado definitivamente o 2 de decembro de 1992.

A partir do vencemento do prazo sinalado, en cumprimento do artigo 58 da Lei 5/2016, o concello deberá someter todas as actuacións no ámbito do plan especial á autorización da DX de Patrimonio, situación que terá como consecuencia previsible unha xestión máis ineficiente e longa de calquera obra de rehabilitación ou mellora do ámbito histórico.

Por outra banda, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda financiou ao abeiro da Orde do 2 de marzo de 2010, pola que se regula a concesión de subvencións aos concellos de Galicia para a redacción de instrumentos de planeamento urbanístico durante o ano 2010, unha serie de plans especiais de protección e ordenación de zonas históricas. O Concello de Betanzos non foi incluído nas axudas por contar nese momento cun plan especial vixente e sen prazo límite de vixencia.

Acredítase deste xeito que se trata dunha circunstancia moi singular e sobrevida que so afecta a dous concellos de Galicia (Betanzos e Corcubión), que xustifica a tramitación deste convenio para que os concellos afectados poidan contar cun instrumento de planeamento adaptado á normativa vixente que lles permita seguir exercendo as competencias sinaladas no artigo 58 da Lei 5/2016.

3.- Finalidade

A actuación obxecto do acordo constitúe unha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e para estes efectos tense previsto formalizar co concello de Betanzos o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2022.

4.- Obxecto

O obxecto do convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Betanzos, para a redacción da **“Revisión do Plan Especial de Protección e Ordenación do casco Histórico (PEPOCH)”**.





5.- Fundamentos do instrumento convencional

Constitúen as razóns de oportunidade, as manifestacións do concello en canto considera necesaria e prioritaria a redacción da **“Revisión do Plan Especial de Protección e Ordenación do casco Histórico (PEPOCH)”** co obxecto de que o concello de Betanzos dispoña dun documento urbanístico adaptado á lexislación vixente.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 6 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei, para resolver as dúbidas e lagoas que poidan presentarse.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, na data da sinatura, a Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, María Encarnación Rivas Díaz

